

**PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO NOS CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E**

**PRIMARIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS. CURSO 2023-2024**

**ENTRE O 1 E O 20 DE MARZO ESTÁ ABERTO O PRAZO DE ADMISIÓN NOS CENTROS ESCOLARES PARA O CURSO 2023-2024**

**NORMATIVA APLICABLE**

- Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 11/02/2022)
- Orde do 21 de outubro de 2022, pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, de 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión de alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 08/11/2022)

**CALENDARIO**

**Do 1 ao 20 de marzo:** Presentación das solicitudes ordinarias de admisión

**Do 21 de marzo ao 3 de abril:** Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo, cando así o requira o centro indicado en primeiro lugar.

**25 de abril:** Publicación das listaxes provisionais de alumnado admitido e non admitido, indicando que se poderá formular reclamación no prazo de 5 días hábiles contados a partir da súa publicación.

**15 de maio:** publicación das listaxes definitivas de alumnado admitido e non admitido

**Do 20 ao 30 de xuño:** Formalización da matrícula no centro asignado en Educación Infantil e Primaria

**INSTRUCCIÓNS**

A solicitude de admisión de alumnado (ED550B) presentárase preferiblemente por vía electrónica mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática *admisionalumnado* (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderase presentar a solicitude presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Cada solicitude pode conter unha relación de ata seis centros, por orde de preferencia e alegaranse os criterios de admisión que se pretenda que se valoren. Esta solicitude de admisión, dirixirse ao centro solicitado en primeiro lugar.

A solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do/a alumno/a, debendo constar consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros da unidade familiar e consentimento, coa excepción do consentimento da persoa agresora en casos de violencia de xénero.

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA (CANDO ASÍ O REQUIRA O CENTRO INDICADO EN PRIMEIRO LUGAR)**

As persoas interesadas, deberán presentar, de forma presencial, **cando así o requira o centro indicado en primeiro lugar**, a seguinte documentación:

- a) Anexo II – bis (Comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora)
- b) Documento acreditativo da representación
- c) Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar. En caso de separación ou divorcio, deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do menor.

- d) Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, que deberá indicar a data de alta e estar expedido no ano anterior ao inicio do prazo de presentación de solicitudes. Se a residencia no domicilio fose inferior a 1 ano, deberá presentar, ademáis, escritura de compra, contrato de aluguer ou título que lexitima a ocupación da vivenda, así coma recibos acreditativos do pago de subministros (auga, luz...)
- e) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta allea: contrato de traballo no que conste o enderezo do centro de traballo e informe de vida laboral obtido no ano natural do procedemento de admisión.
- f) Lugar de traballo. Persoa traballadora por conta propia: certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT no que conste o enderezo de traballo, a licenza de apertura ou actividade do concello, se non está obrigado a estar dado de alta en dito censo.
- g) Lugar de traballo. Persoal ao servizo das administracións públicas: certificado da unidade de persoal no que conste o enderezo do centro de traballo
- h) Libro de familia ou certificación de parto múltiple
- i) Documentación xustificativa da condición de familia monoparental
- j) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da familia non expedido pola Administración automómica
- k) Documentación xustificativa da condición de vítima de violencia de xénero, de acordo co artigo 5 da Lei 11/2007, de 7 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- l) Certificado de vítima de terrorismo, de acordo coa Lei 29/2011, de 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas de terrorismo
- m) Certificado de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que as persoas proxenitoras ou titoras carezan de DNI ou NIE.

## **CENTROS ESCOLARES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DO TERMO MUNICIPAL DE ARTEIXO**

### **Escolas de Educación Infantil**

- EEI Barrionovo. Praza da escola, 1. 15140. Pastoriza. Tlf 696846412
- EEI Vilarrodís. Rúa Carlos Maside, 16. 15141. Vilarrodís. Tlf 616466312
- EEI Larín. Lg Casanova, 3. 15144. Larín. Tlf 981606212
- EEI Lagoa. Lg da Lagoa, 16. 15144. Sorrizo. Tlf 981646930
- EEI Rorís. Lg Rorís, 12. 15144. Armentón. Tlf 981640238

### **Centros de Educación Infantil e Primaria**

- CEIP Arteixo. Avda. Arsenio Iglesias, 33 B. 15142. Arteixo. Tlf 981641284
- CEIP Ponte dos Brozos. Avda. Arsenio Iglesias, parcela 34. 15142. Arteixo. Tlf 881960506
- CEIP Galán. Rúa Miguel de Cervantes, 21. 15141. Oseiro. Tlf 881880903
- CEIP San Xosé Obreiro. Travesía de Meirás, s/n. 15008. Meicende. Tlf 881880214